Dozón Turismo

dozonturismo.gal

CRUCEIRO EN O CASTRO

É un cruceiro situado no medio do núcleo poboacional formado pola Igrexa do Castro e no contorno do Castro de Dozón. O seu fuste cilíndrico apóiase no chan mediante unha peza cúbica de pedra e remata na parte superior cunhas volutas xónicas. Este fuste divídese en dúas partes mediante un elemento horizontal tallado na pedra a modo de abrazadeira. Dende este elemento cada parte do fuste tállase con fendas que lle confiren maior verticalidade.

A cruz é latina recta e contemporánea coa imaxinería tradicional de Cristo. Diante do cruceiro vemos un pousadoiro, elemento cuxa función principal era a de servir de lugar de oración cando se trasladaban os cadaleitos aos cemiterios.

O controno no que se sitúa, rodeado de inmobles, fai que pase desapercibido para o público.



A O (San Salvador)

42.57031, -8.04921

XUNTA DE GALICIA · galicia · Xacobeo 21·22 · GOBIERNO DE ESPAÑA MINISTERIO DE AGRICULTURA, PESCA Y ALIMENTACIÓN · FEADER Europa inviste no rural · LEADER · agader AXENCIA GALEGA DE DESENVOLVEMENTO RURAL